

A hand pointing upwards is centered in the background of the top half of the page. Overlaid on this is a network diagram consisting of several circular nodes, each containing a person icon, connected by thin lines. The entire background of this section is a solid blue color.

PLAN DIXITAL

C.P.R PLURILINGÜE ATALAYA
CANTABRIA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

Páxina Web do cole.

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CPR Plurilingüe Atalaya Cantabria atópase no Concello de Vigo, no barrio de O Calvario. Vigo ten unha poboación duns 250.000 habitantes, moitos deles orixinarios doutras comarcas e rexións, que se instalan en Vigo por causas laborais.

O centro é privado concertado con código 36014234, está situado no sur da provincia de Pontevedra, zona onde se ubican outros centros públicos e privados. Atópase na Rúa Cantabria, nº18, o teléfono 986276012, o correo electrónico cpr.atalaya.cantabria@edu.xunta.es.

Páxina web www.colegioatalayacantabria.com e redes sociais coma Facebook, Instagram e canal de YouTube. O centro conta con 3 unidades de Educación infantil, 6 de Educación Primaria, aulas de música, informática e de audición e linguaxe. Conta con 145 alumnos e 13 mestres.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

[

- Pódese dicir que o sector maioritario é dunha clase media, media-baixa, aínda que existen sectores de niveis altos e baixos. O nivel cultural non é moi alto en liñas xerais, aínda que tamén aquí existe unha porcentaxe de niveis superiores relacionadas con profesións liberais. Nas expectativas que os pais teñen respecto dos seus fillos, sinalar que maioritariamente esperan que continúen estudos (Bacharelato).
- Dende fai uns anos para aquí levamos traballando en accións para dixitalizar o centro en tódolos aspectos (didáctico, pedagóxico, de xestión...) Comezamos con tablets no curso 2014-15 para 3º e 4º de primaria e dende fai cinco anos 5º e 6º de E.P formamos parte do Plan E-Dixgal. Neste curso 2021-22 iniciámonos no PLAMBE. Tamén no centro, dentro do proxecto anual de lectura, incluído no noso plan lector, temos moi en conta o uso das Tics, resaltando a nosa radio escolar que xa leva en funcionamento 6 anos e o concurso de curtametraxes no que participamos anualmente, así como os materiais didácticos cos que traballamos habitualmente nas actividades da biblioteca incardinadas dentro de dito plan anual de lectura.
- O noso plan dixital contribuirá a acadar os obxectivos dixitais plantexados para a programación xeral anual do curso 2022-23. Consolídase a boa aceptación da páxina web, Instagram, facebook, YouTube.

O tockap seguirá utilizándose como medio de comunicación entre a escola e as familias. Os cursos de 3º, 4º de E.P, empregan as tablets como recurso complementario nas materias de Lingua Castelá, Matemáticas e Inglés, consolidándose o uso deste dispositivo no proceso de aprendizaxe

nestes dous cursos. En 5º de E. Primaria mantemos o proxecto E-DIXGAL e incorporamos a 6º de E.P, dando deste xeito un paso máis no coñecemento e manexo dixital. Por outra banda, a pizarra dixital, con acceso a INTERNET seguirá permitindo o uso de multitude de recursos, *pero neste caso, como citamos anteriormente, que para o próximo curso serán dúas mais. Continuarase a formación do profesorado para facilitar o aproveitamento dos recursos dispoñibles, así como para a posta en practica do contemplado no Plan de Introducción das TAC. Dende a Comisión TAC ofertaranse actividades formativas puntuais dirixidas o profesorado do centro dentro das posibilidades dos seus integrantes.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Tendo en conta o Art. 111 bis, en relación o plan dixital faremos nós o noso propio plan, que incluiremos dentro do PEC e concretarémolo dentro do PXA como nos indica o Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación modificada pola ley Orgánica 3/2020 de 29 de decembro lomloe, aspectos estes que xa estarán en vigor o curso que ven.
- Atendendo á disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 realizaremos o noso plan dixital de centro.
- Para á realización deste plan dixital atenderemos á Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 .

1.4. Proceso de elaboración

Comezamos o curso 2021/2022 determinando a situación inicial do centro respecto as TICS (SELFIE e Cuestionario de competencias docentes) para posteriormente elaborar unha análise DAFO que servirá como base para a elaboración do noso plan dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, a través da compañía R en tódalas instalacións do centro.

- Equipamento dispoñible: sendo 5º e 6º aulas dixitalizadas xa que forman parte do proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca de materiais TICS e ordenador, así como a dispoñibilidade de dous portátiles para o claustro do centro.
- Servizos dixitais educativos: Contamos con páxina web do centro, Agueiro, E-Dixgal, Facebook, YouTube, Instagram, Tokapp, Snappet).
- Xestión do mantemento do equipamento do centro por parte de empresas externas ao centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	4,3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	4,4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	4,5				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
SUBSTITUTO	3	3	100%
LABORAL	11	14	78,6%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
88,3	Integrador/a (B1)	76,4%	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	78,8	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIM	90,8	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	5	35,7%
B1	4	28,6%
B2	2	14,3%
C1	3	21,4%
TOTAL	14	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	5º e 6º Edixgal, 4º,5º e 6º pizarra dixital, ordenadores de mesa nos postos do profesorado de primaria. Wifi en todo o centro escolar, emprego do Xade, programa Meiga na biblioteca.	Resto de aulas sin recursos(Infantil).
	PERSONAL DOCENTE	Ganas e capacidade para aprender, dispoñibilidade, motivación do profesorado para empregar as TICS. Coordinación e colaboración entre o profesorado.	Gran parte do profesorado con nivel medio-baixo en competencias dixitais.
	PERSONAL NON DOCENTE	Competencia dixital adecuada ao seu posto de traballo.	
	ALUMNADO	Ratios baixas por aula.	15% de alumnado con NEAE.
	FAMILIAS	colaborativas e dispoñibilidade para axudar. Comunicación coas familias por medio de Tokapp.	Poucos recursos, falta de acceso a internet, poucos coñecementos. Familias desestructuradas.
	OFERTA	colaborativas e dispoñibilidade para axudar. Comunicación coas familias por medio de Tokapp.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Pouco profesorado. Unha soa liña. Fácil coordinación.	Falta de horas para a creación de contidos dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Acceso a formación.	Non dotación económica.
	LEXISLACIÓN		

		Autonomía para xestionar o noso propio plan dixital. Dotación de recursos para Edixgal.	Sendo concertados, non contamos cos mesmos recursos cos centros públicos, nos diferentes plans, proxectos que estamos inmersos.
	ANPA	Posibilidade de cooperación.	Falta de implicación das familias con respecto ao AMPA e as súas propostas.
	OUTRAS ENTIDADES		Cortes puntuais de enerxía eléctrica durante as horas de clase. Rede wifi inestable, cortes.

3. Plan de Acción

– Accións a desenrolar e o seguimento da acción: Neste apartado recóllense as accións que planificamos para acadar o noso obxectivo e nel recóllese a persoa ou o equipo responsable de que se leve a cabo, o prazo para realiza e, finalmente, si se levou a cabo e cando.

– Recursos necesarios: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...). O plan de acción está contemplado para que se implante no curso 2022/2023.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo específico, real planificado e axustado ás necesidades do noso centro. Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ao final do curso.

Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco

Dig. Comp. Org.

Para poder traballar cada un dos obxectivos, móstrase a información en táboas que recollen os seguintes aspectos:

– Indicadores: Onde se mostrarán que indicadores utilizaremos para corroborar o cumprimento do obxectivo proposto, con un valor de partida

– Avaliación: Neste punto, valoraremos como se levou a cabo o plan de acción, con unha proposta de mellora.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A posta en marcha das accións levarase a cabo supeditada as necesidades detectadas na enquisa Selfie, a análise dos recursos dispoñibles no centro, a análise realizada dos recursos dispoñibles do alumnado e según as necesidades detectadas en xeral.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 1 (1):	Dixitalizar aula de 4º de E. Primaria e biblioteca				Acadado	
RESPONSABLE:	Titularidade do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	100%					
Valor de partida (3)	Temos 0 pizarras dixitais					
Valor previsto e data (4)	Catro pizarras dixitais no centro.			1 Setembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Mercar 2 pizarras dixitais.	Titularidade do centro.	3º Trimestre, curso 2021/2022	Financiación.		Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formar ao profesorado no uso da pizarra dixital.	Equipo plan dixital	1º Trimestre, curso 2022/2023	Curso de formación externa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 1 (1):	Formación do profesorado en ferramentas dixitais (Kahoot, Educaplay, Genially)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe de estudos.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	60% a valorar con rúbrica.					
Valor de partida (3)	10% do profesorado xa utiliza estas ferramentas.					
Valor previsto e data (4)	90% terá que saber utilizar e utilizará no próximo curso estas ferramentas.			22 de xuño.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Formar ao profesorado nestas ferramentas.	Xefe de estudos.	1º Trimestre curso 2022/2023	Financiación para formación permanente do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Crear un grupo para resolución de dúbidas por parte do profesorado que xa ten experiencia.	Coordinadora Tics	2º e 3º Trimestre curso 2022/2023	Convocatoria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Levar á práctica na aula facendo uso destas ferramentas.	Equipo plan dixital	2º e 3º Trimestre curso 2022/2023	Rúbrica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

TECNOLOXÍA:

- a. Portátiles para uso do mestre en tódalas aulas (chrombook, portátil windowa).
- b. 6 Pizarras dixitais interactivas(PDI) ou monitor interactivo para ir completanda as aulas que quedan sin dixitalizar.
- c. Financiación para uso de determinadas app como Genially, Alexa,...

4. Avaliación do plan

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi acadado e se é necesario realizar variacións no plantexamento destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

5. Difusión do plan

Para a elaboración e a coordinación do plan dixital distinguiremos tres fases ou momentos no desenrolo do mesmo:

1ª fase: Análise. Completando e detectando as necesidades, debilidades e problemas que necesitan accións concretas no noso centro. Fase en constante evolución.

2ª fase : Desenrolo. Posta en práctica das diferentes accións susceptibles de ser realizadas. Toda a comunidade educativa levará a cabo os aspectos recollidos neste documento dacordo a súa función.

3ª fase: Avaliación. Coma base para unha mellora continua.

4ª fase: Aprobación do plan por parte do Consello Escolar.

5ª fase: Difusión do plan dixital, publicarase na páxina web do centro.

Manteremos informada a toda a Comunidade educativa do desenrolo do proxecto dixital tanto por canais ordinarios coma a través de reunións xeráis de pais, Consello Escolar...

Parécenos fundamental a participación de toda a comunidade educativa neste proxecto para contar co seu apoio.

Por esta razón manteremos ás partes interesadas debidamente informadas.

O obxectivo é manter o entusiasmo, a aprobación, a implicación e a difusión.

A difusión do plan será mediante a súa publicación na páxina web do centro, logo de ser aprobado polo Consello escolar.